

Só fala Medea, cuxo rostro reflicte o paso dos anos e das tristuras, que malia todo non conseguiron borrar a súa beleza. As demais miman axeitadamente o sentido das palabras da protagonista, de forma discreta. Algunha pode entrar en escena despois de comezado o monólogo, pero ningunha marchará mentre dure o relato de Medea.

Visten coma mulleres de familia humilde, de aldea, de época indeterminada que pode corresponder a finais do século XIX, por exemplo; saias longas, en calquera caso. O vestido de Medea vese vello, pero conserva aínda a aparencia dunha categoría moi por riba da das outras lavandeiras.

O espazo escénico non pide máis ca un lavadoiro público, de aqueles que había nas vilas, real ou imaxinario, con auga ou sen ela, aínda que poder lavar de verdade sería un recurso útil. A súa ubicación nunha vila de Galiza pode terse en conta, pero non é indispensable. Nel están lavando as mulleres do reparto, ó principio arredadas de Medea.

Tal como o soña o autor, o monólogo de Medea ten lugar no Teatro Romano de Mérida. O escenario prolongouse cunha plataforma, á mesma altura, que ocupa o semicírculo da orquestra: alí móntase un lavadoiro público, como os que lembramos da nosa infancia e xuventude, con entrada e saída de auga, que non deixa de correr.

Detrás do lavadoiro, é dicir, no espazo da escena, decoración vexetal de ramaxe, pois o lavadoiro atópase nas aforas da vila, e xa dixeran que, de ser posible, estamos en Galiza.

Ó fondo, a fachada do Teatro Romano, tal como é, sen iluminación, recórdanos a Grecia de Eurípides a través da Roma de Séneca. A nosa Medea é un tra-sunto das dúas figuras de ambos dramaturgos, che-

gada ó final das súas desdichas a unha vila da costa galega, non se sabe ben como.

Esta Medea é a muller que se desprende das súas palabras. É maior, pero segue a ser Medea, coa mesma personalidade, a mesma forza, a mesma beleza de sempre. Eu debuxeina pensando en Nuria Espert (e, un pouco tamén, imaxinando a Margarita Xirgu), na Espert da Medea emeritense, dirixida por Cacoyannis, no verán de 2001.

MEDEA

Pídivolo de favor, mulleres de Camariñas, non me viredes as costas así como o facedes, todas de acordo, cada vez que me vedes chegar ó lavadoiro. Non é pola miña vontade que veño aquí, podedes crermo, que aínda non hai tantos anos criadas tiña que me lavaban os vestidos, pasábanlles o ferro para deixalos como novos e quitarlles o último resto de humidade, despois de salpicalos con auga de lavanda. Todas ficades caladas nada máis me vedes aparecer polo carreiro, todas vos movedes como por un resorte cando me achego á pía, todas me amosades as costas, sen sequera responder ó meu saúdo.

É certo que endexamais me recibistes ben, miñas amigas. Non obstante, as primeiras veces polo menos dicias algo, bos días, como está a vella, vai un día estuendo de seca; parvadiñas, se pensamos ben, pero algo. A fin de contas non deixabades de ver en min unha estranxeira. É sempre así; lembro que en Corinto dicían: trata ben ó estranxeiro, que ti tamén o serás algún día lonxe da túa terra; emporiso, xa vedes, nin casada cun grego, nai dos fillos dun grego, deixaron nunca de verme como unha estranxeira. Non soportaban o meu camiñar coa cabeza ergueita, que os mirase ós ollos, nin ese meu natural un pouco altivo que aprendín de nena porque, queiras que non, era a filia do rei. Con

vós pasou algo semellante, mulleres de Camariñas: primeiro medias palabras, algún comentario, un intento de sorriso, e despois foi pasando o tempo e fostes enchendo de suposicións falsas os ocos das vosas preguntas. Viña un da feira de Vimianzo e traía unha noticia, que ó mellor combinaba, ó mellor non, con outras chegadas de Noia, ou de Laiño, ou de Porto, ou de Deus sabe onde, e engadiádelas na conta en contra de min. Iades sempre quedándovos con todo o negativo que chegaba ós vosos oídos. Cada día que pasaba as vosas palabras eran menos, e máis o virar as miradas.

Non sabedes, mulleres, que o fado é taimado, falso, traizoeiro: hoxe atópaste no cume do monte, e mañá precipítaste pola aba ata ir parar máis abaixo do baixo. Hoxe estás na túa terra, e mañá noutra allea, e pasado mañá se cadra noutra máis allea aínda. Diso si que podo dar exemplo. Houbo un tempo no que Benita me sacaba a pasear, cando nena, os poucos días que brillaba o sol naquela friaxe eterna da Cólquide, miña terra; máis tarde, ela era quen me facía aquela beleza de peiteados que engaiolaban a Xasón, trenzándome os cabelos con fitas de moitas cores; e despois, alí estaba Benita no meu primeiro parto, e no segundo, e ela era quen termaba dos nenos cando a pouca ledicia de vivir me ía deixando sen folgos. Xa vedes: agora son eu quen lle ten que limpar as partes a ela cando se lle escapan os ouriños, cada día máis a miúdo, e teño que vir aquí lavarlle as roupas, as súas xunto coas miñas. Que queixa tedes de min? Como vos movedes todas nada máis verme, pónome sempre nesta parte, por onde marcha a auga, para que non poidades dicir que vola deixo sucia por culpa das bragas mexadas da pobre vella. Outras de vós non tedes tantos miramentos, traendo a lavar a roupa que traedes; pero claro, eu son a estranxeira, todo canto faga por non molestar évos pouco.

Que queredes de min? Estou aquí, soa, coa Benita, que é peor que soa; aquí me trouxo a miña fortuna, despois de percorrer mares e mares, terras e terras. Nunca vos pedín nada, que só ese castigo non tiven endexamais, o de ter que andar á esmola. Non me meto para nada nas vosas vidas, nas vosas casas, nas vosas cousas. Daquela, que mal vos fago? Eu non teño a culpa de que sexa salgada a auga do mar, que se así non fose, na praia lavaría as roupas, as miñas e as da vella, para que non tivésedes que actuar tan covardemente cando me vedes chegar. Covardemente, si, non me mireis con esa cara, Uxía: ese voso comportamento non é propio de mulleres feitas e dereitas.

Agora, dende hai un tempo, deuvos por iso, por facer un monllo de cantas críticas de min vos fixeron, por ir casando unhas con outras todas as tachas que me foron inventando, por dar creto ás invencións que ían chegando ás alcandadas ós vosos oídos, sen desconfiar xamais do que vos ensinaron, sen pensar nin sequera que podían estar a mentirvos... Hoxe deuvos por iso, mañá ó mellor daravos por outra cousa. Oxalá. Oxalá, dígovolo de corazón, mulleres de Camariñas. Porque nin que o fixesen pais, nin nais, nin avós, nin avoas, nin mestres, nin mestras, nin curas, nin monxas: canto vos dixeron era mentira, non atino a saber por que, pero de feito todo era mentira tras mentira, pura calumnias. Emporiso virádesme as costas, e verdade, xa está visto, non hai máis que a vosa. Destes na teima de pensar que todo é certo, sen decatardes de que en realidade todo foi milagreado ou minimizado, mistificado e mitificado, por todos, por todas, e dende sempre... Ó mellor tedes razón, non vos vou dicir que non. Mais xa que vos poñedes así, xa que non estades dispostas a contar máis comigo, nin sequera para dicirme bos días, como estás, sandáronlle as chagas á vella, vouvos contar a miña

historia, a verdadeira, non a que me apuxestes vós, vosos pais, vosos avós, vosos mestres, vosos sacerdotes. Calades cando veño, e ti Marica deixas de cantar, e ti Rosina quedas muda e non nos fas rir con esas fantasías do que fas co teu noivo no alpendre da herba... Xa que logo, hoxe tócame falar a min. Escoitade un chisco, e despois falamos de verdades e mentiras.

Para comezar, nunca souben quen inventou toda esa parvada do pelexo do carneiro, iso do vélaro de ouro, que resulta moi bonita, non vos vou dicir que non, pero é un auténtico canto para nenas. Cando Xasón veu á Cólquide, sabía moi ben a que viña, porque a viaxe estivera a preparala dende moito tempo atrás. Non vou saír agora con que non lle puxese un pouco de aventura, un desexo de coñecer as terras do norte, tan arredadas e misteriosas; de feito el sempre foi moi grego, e ós gregos, máis que ás gregas, sempre lles gustou viaxar, ir lonxe, correr mundo, coñecer outras xentes. Niso semellan moito ás xentes desta terra vosá. E Xasón non ía ser unha excepción, como podedes supoñer. Pero cando veu á Cólquide a súa intención era a que empurra ós homes case sempre a viaxaren: ou por negocios, ou por facer a guerra. A nós, ás mulleres, móvennos razóns máis requintadas: a máis grande penso que é a curiosidade, ese anxeio de ver, de descubrir, de coñecer causas novas, persoas novas, por ver se son diferentes. Xasón non vou dicirvos que fose alá por rifar co meu pai: nunca foi home de moitos azos. Non, non: covarde non era, non foi miña intención dicir tal; pero loitador tampouco. Precisaba sempre que tirasen del, que o empurrasen, e gustáballe deixarse levar.

Xa digo, non sei quen demo inventou o choio do vélaro de ouro. Se vos fixades ben o invento bonito é, pero quen vai crer semellante trapallada? A verdade évos outra moi distinta: na Cólquide tiñamos unha caste de

ovellas que non había nas terras do Sur. Vós nunca fostes á Cólquide, nin tampouco a Grecia, e dende aquí, tan lonxe, non é doado imaxinar como é aquilo. Non digo que non teña un encanto especial, pero o tempo é terrible, sobre todo de inverno: chega moi axiña, xa en setembro, e para Santos non se aguanta con aquel frío, aqueles neboeiros que non pasan nunca, aquela humedén que se vai metendo traidora non ósos. A paisaxe é moi bonita, recorda bastante esta vosa, pero tanta montaña e tanto inverno acaban alí con calquera.

E logo sucede que sempre fomos un pobo moi atrasado. Non por culpa de meu pai, que el fixo o que fixo, herdou o que herdou, e deixou o que deixou. Non é como aquí, non hai comparanza, que aínda que non sexa máis que polo abrigo da ría non deixan de arribar barcos, e co choio dos encaixes as mulleres ides a feiras, e vedes outras xentes, e con elas outras modas. Alí, á Cólquide, non vai ninguén, sobre todo de inverno; pero mesmo de verán aquela mar é perigosísima, e cando por fin chegas a terra só atopas montañas e máis montañas. Por iso sempre vivimos da terra, unha colleitiña de nada no verán, que de inverno axéase todo deseguida; e sobre todo do gando. Cabras e ovellas principalmente. Nun país así vivía eu, xa vos podedes imaxinar de que maneira: moi filla do rei, dende logo, pero do rei dun pobo de cabreiros.

Cando miro para atrás penso que me falta algo, si; debe ser iso que vós chamades morriña. Quizais. Pero o que teño por certo é que non boto de menos aqueles invernos, aquela friaxe, aquel fastío, aqueles homes que só querían botarse enriba dunha e falar das ovellas, con aquel cheiro acedo que traían da montaña e que non quitaban do corpo. Xa sei que non ides comprender, pero, dime ti, Uxía, que vida podía ter eu alí, xa digo, por moi filla do rei que fose? E nestas andaba, con deza-sete anos xustiños, cando arribou Xasón.